

## CRITERIOS DE PROMOCIÓN E TITULACIÓN NA ESO

Os criterios de promoción na ESO serán os acordados na CCP celebrada o martes 22 de marzo de 2022 no CPI Dr Plurilingüe Dr López Suárez de Escairón, O Saviñoa dacordo coa Orde do 25 de xaneiro de 2022 e modificados na CCP do xoves 21 de setembro de 2023 dacordo co establecido na ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa:

### PROMOCIÓN

1. Promocionan os alumnos que teñan superadas todas as materias cursadas ( as do propio curso e as de cursos anteriores que puideran ter pendentes).
2. Promocionan os alumnos que superen todas menos unha ou dúas materias.
3. Ademais, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran todas as condicións seguintes:
  - 3.1. A media de todas as materias cursadas ten que ser 5 ou superior.
  - 3.2. A suma dos períodos lectivos semanais establecidos no anexo IV do Decreto 156/ 2022, do 15 de setembro, das materias con avaliación negativa non sexa superior a dez. Para estes efectos non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición.
  - 3.3. Considerarase se as materias son progresivas ( se hai a mesma materia en cursos seguintes, sexa ou non optativa). Se son progresivas, non se poderá promocionar con cualificación inferior a catro. Se non son progresivas, non se poderá promocionar con cualificación inferior a tres.
  - 3.4. Valoraránse as expectativas de recuperación. Para elo teremos en conta a actitude, o interese, o non abandono da materia e a presenza de dificultades insalvábeis.
  - 3.5. Estudarase se a promoción beneficia a súa evolución académica ( integración no grupo, repercusión que tería en caso de repetir,...)

### TITULACIÓN

1. Titula o alumnado que supere todas as materias.
2. O equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:
  - 2.1. Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias sexa igual ou superior a cinco.
  - 2.2. Que a xuízo do equipo docente, a alumna ou alumno adquira as competencias clave establecidas no perfil de saída.
  - 2.3. Que, a xuízo do equipo docente, a alumna ou alumno alcanzase os obxectivos da etapa.